

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 4 DE NOVEMBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

#### DECRETOS

##### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Actuacións de mellora do antigo trazado da estrada PO-400 no concello de Arbo.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Oleiros, da franxa de dominio público viario na marxe dereita da AC-173, pp.qq. 6+680 ao 6+930, agás beiravía e calzada.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribeira dos treitos terminais das estradas autonómicas AC-303 e AC-550.

#### ACORDOS

##### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, polo procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, e varios criterios de adjudicación do contrato privado de concesión de servizos da xestión dos complexos deportivos de Elviña I, Sardiñeira e Agra I, cun valor estimado por importe de noventa e cinco millóns cincuenta e sete mil novecentos sesenta e catro euros con cincuenta e dous céntimos (95.057.964,52 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e a Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense para a execución do Plan de sustentabilidade turística na Mariña Lucense por un importe total de dous millóns douscentos vinte e cinco mil euros (2.225.000 €) e os pagamentos anticipados ata o 100 % da subvención concedida.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Turismo, a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, para a execución do Plan de sustentabilidade turística en Ourense Termal por un importe total de tres millóns noventa e nove mil douscentos cincuenta euros (3.099.250€) e os pagamentos anticipados ata o 100 % da subvención concedida.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto da Lei das áreas empresariais de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución da actuación de saneamento do colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña, tramo A Malata-ponte da estrada da Malata, Ferrol (A Coruña), cofinanciada nun 80 % do gasto elixible pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de novecentos mil euros (900.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello de Vilanova de Arousa e o Concello de Cambados para a execución das actuacións de mellora do sistema de saneamento no Concello de Cambados e mellora do sistema de saneamento no Concello de Vilanova de Arousa (Pontevedra), cofinanciadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de seis millóns douscentos cincuenta mil euros (6.250.000 €).

## INFORMES

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe sobre a execución do Plan anual de Cooperación galega 2021.

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o balance dos resultados logrados co bono Activa Comercio en Galicia.

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a construción dun novo *data center* de alta seguridade.

### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Informe sobre a Estratexia galega de linguas estranxeiras Edulingüe 20-30.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da adquisición de diversos artigos e outros gastos derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe de cincocentos setenta e cinco mil cincocentos oitenta e nove euros con dez céntimos (575.589,10 €), IVE incluído, na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de setembro do presente ano.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da adquisición de bens e contratación de servizos para facer fronte á pandemia da COVID-19, na Área Sanitaria de Ferrol, por importe de seiscentos corenta mil trescentos trinta e oito euros con quince céntimos (640.338,15 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, do expediente de contratación dos servizos de transporte sanitario e limpeza durante os meses de abril a setembro, e o servizo de vixilancia no recinto de vacinación durante os meses de xuño a setembro, para abordar con garantías as posibles consecuencias da onda infecciosa da COVID-19 na Área Sanitaria de Vigo, por importe de trescentos noventa e nove mil seiscentos doce euros con corenta e seis céntimos (399.612,46 €), IVE incluído.

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a distribución do material de protección fronte á COVID-19 no ámbito da Consellería de Política Social.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe de vendima 2021 nas denominacións de orixe galegas e coxuntura do sector.

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre as axudas concedidas na convocatoria do ano 2021 para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca FEMP 2014-2020.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA O ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA DO ANTIGO TRAZADO DA ESTRADA PO-400 EN ARBO

- A actuación suporá un investimento autonómico de preto de 1,3 millóns de euros, nos cales se inclúe o pagamento dos 62 predios necesarios para levar a cabo as obras
- A intervención executarase en dúas fases: unha primeira de acondicionamento do treito antigo da vía, e unha segunda de mellora da intersección co actual trazado da estrada
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a 1ª fase das obras no primeiro trimestre de 2022
- Rehabilitarase o firme e executaranse beirarrúas e sendas nos tramos urbanos, acondicionaranse os cruzamentos e construírse unha nova rotonda
- Habilitarase un carril de paraxe de autobús, coa colocación dun refuxio, ademais dunha zona de aparcadoiro
- Destaca tamén a mellora da seguridade peonil no antigo trazado da PO-400, coa construción dun itinerario peonil cun ancho de 1,80 metros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar as obras de acondicionamento do antigo trazado da estrada PO-400, no concello de Arbo.

O Goberno galego investirá preto de 1,3 millóns de euros nesta actuación de mellora da seguridade viaria no antigo trazado da vía, nos cales se inclúe tamén o pagamento dos 62 predios necesarios para levar a cabo esta actuación.

De cara á súa execución, a intervención dividirase en dúas fases: unha primeira de acondicionamento do treito antigo da PO-400, e unha segunda de mellora da intersección co actual trazado da estrada.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución da 1ª fase das obras no primeiro trimestre de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses.

A intervención suporá o acondicionamento e mellora do trazado antigo da PO-400 mediante a rehabilitación do firme e a execución de beirarrúas e sendas nos treitos

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS


urbanos, así como o acondicionamento das interseccións inicial e final da estrada e a creación dunha rotonda na contorna do punto quilométrico 24 da estrada actual.

O proxecto inclúe a execución dun novo tramo de conexión, desde a antiga estrada ata a citada glorieta do quilómetro 24, así como o acondicionamento do acceso á glorieta prevista, desde a estrada que discorre en dirección ao núcleo do Picoto.

Tamén se inclúe a execución dun carril de paraxe de autobús e a colocación dun refuxio no punto quilométrico 24+240 da PO-400, e a construción dunha zona de aparcadoiro entre os puntos quilométricos 1+250 e 1+300 da estrada PO-400A.

Destaca tamén na intervención a mellora da seguridade peonil no antigo trazado da PO-400, mediante a execución dun itinerario cun ancho de 1,80 metros, incluído bordo, e unha rigola de 0,30 metros entre a estrada e o dito bordo, na maioría do seu trazado.

Plano de situación e planta xeral da zona da actuación:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE OLEIROS DA FRANXA DE DOMINIO PÚBLICO DO TREITO RIALTA-PAZO DE ARILLO-LOURIDO DA VÍA AC-173

- O cambio de titularidade está previsto no convenio asinado entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oleiros para executar unha senda peonil na marxe dereita da estrada AC-173
- O Concello asume a titularidade do dominio público do treito en que se prevé executar a senda, sen afectar beiravías e calzada, e terá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Oleiros da franxa de dominio público viario na marxe dereita da estrada AC-173, concretamente no treito Rialta-Pazo de Arillo-Lourido.

A Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Oleiros asinaron un convenio de colaboración para executar unha senda peonil na marxe dereita da estrada AC-173, entre os puntos quilométricos 6+680 e 6+940 e entre os 0+000 e 0+040 da AC-181.

Neste convenio, o Concello comprométese a aceptar a titularidade, antes da licitación das obras, de todo o dominio público do treito da senda peonil resultante da execución das obras no treito urbanización Rialta-Pazo de Arillo-Lourido, sen afectar beiravías e calzada.

A transferencia tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CAMBIO DE TITULARIDADE A PROL DO CONCELLO DE RIBEIRA DOS TREITOS FINAIS DAS ESTRADAS AUTONÓMICAS AC-550 E AC-303

- Transfírense un tramo de case 1,3 quilómetros da AC-550 que coincide coa avenida de Ferrol e o treito final, de algo máis de 2,7 quilómetros, da AC-303, na área recreativa Laxe da Gata de Corrubedo
- A entidade local terá competencia para actuar nestas estradas e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O cambio de titularidade flexibiliza os usos nas marxes da vía e facilita a tramitación de actuacións como a que se está a promover para a posta en valor do faro de Corrubedo
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribeira dos treitos finais das estradas autonómicas AC-550 e AC-303.

O Concello de Ribeira solicitoulle ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade do treito final de case 1,3 quilómetros de lonxitude da AC-550, que coincide coa avenida de Ferrol, e do treito final, de algo máis de 2,7 quilómetros, da AC-303, na área recreativa Laxe da Gata de Corrubedo.

Trátase de dous tramos terminais destas vías autonómicas que teñen un tráfico rodado de ámbito fundamentalmente local.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia do treito comprendido entre os puntos quilométricos 106+570 e 107+850 da AC-550, que une Cee e Ribeira, e do tramo que vai do punto quilométrico 5+440 8+160 na estrada AC-303, que comunica Oleiros e Corrubedo.

A transferencia a prol do Concello de Ribeira tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA




## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O cambio de titularidade flexibiliza os usos nas marxes da vía e facilita a tramitación de actuacións como a que se está a promover para a posta en valor do faro de Corrubedo.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na seguinte imaxe amósanse os tramos obxecto de transferencia:



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# AUTORÍZASE A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DOS COMPLEXOS DE ELVIÑA I, SARDIÑEIRA E AGRA I (A CORUÑA) PARA OS VINDEIROS 25 ANOS CUN VALOR DE 95 MILLÓNS DE EUROS

A empresa adxudataria deberá realizar investimentos obrigatorios por valor mínimo de 3,4 millóns de euros nos tres primeiros anos e establécese un canon mínimo a favor da Fundación Deporte Galego do 4 % dos ingresos anuais

O Consello da Xunta deu luz verde ao acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación para o contrato privado de concesión de servizos da xestión dos complexos deportivos de Elviña I, Sardiñeira e Agra I, localizados no concello da Coruña e que, segundo os datos prepandemia dan servizo a uns 15.000 aboados. Os tres complexos son titularidade da Fundación Deporte Galego da Secretaría Xeral para o Deporte.

O prazo de duración do contrato será de 25 anos, período considerado como razoable para que o concesionario recupere os investimentos realizados para a explotación das obras e servizos, tendo en conta os investimentos necesarios. De feito, o plan de viabilidade considera que o valor do contrato (importe neto da cifra de negocios estimada para a duración do contrato) é superior aos 95 millóns de euros (95.057.964,52 euros). Cómpre salientar que a empresa adxudataria deberá realizar investimentos obrigatorios en obra civil, instalacións e equipamento por valor mínimo de 3,4 millóns de euros nos tres primeiros anos e que, ademais, que se establece un canon mínimo a favor da Fundación Deporte Galego do 4 % dos ingresos anuais, cunha estimación de 130.000 euros ao ano.

Mañá venres publicarase o expediente de contratación cos seus respectivos pregos na Plataforma de contratación da Xunta de Galicia, así como un anuncio no *Diario Oficial de la Unión Europea*. As empresas disporán de 35 días hábiles para presentar as ofertas e o contrato será adxudicado no primeiro trimestre de 2022.

Deste xeito, os complexos deportivos de Elviña I, Sardiñeira e Agra I disporán dun novo contrato de servizos que poña punto e final ao contrato coa anterior concesionaria que foi resolto en agosto de 2018 e que se mantivo vixente desde aquel momento con prórrogas mensuais ata a adxudicación dun novo contrato para garantir a xestión dos servizos para os usuarios. A existencia dun contrato renovado ofrece a posibilidade dun novo escenario que permitirá unha mellor xestión dos complexos e un servizo actualizado e de calidade para os cidadáns da Coruña.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 2.350.000 EUROS NO DESENVOLVEMENTO DOS PLANS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DE OURENSE TERMAL E DA MARIÑA LUCENSE**

- Turismo de Galicia asinará un convenio co Deputación Provincial de Ourense e outro coa Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense para a posta en marcha dos proxectos, cunha vixencia de catro anos desde a súa sinatura
- Ourense Termal preséntase como unha oportunidade para xerar emprego na provincia e fixar poboación
- No caso da Mariña Lucense, o obxectivo é poñer en valor as potencialidades turísticas da comarca para atraer visitantes a un espazo singular con atractivos diferenciados

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous convenios de colaboración, un coa Deputación de Ourense e outro coa Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense para a posta en marcha, respectivamente, dos plans de sustentabilidade turística de Ourense Termal e da Mariña Lucense.

O acordo a que se lle deu hoxe o visto e praxe suporá un investimento por parte do Goberno galego de 2.350.000 euros a través de Turismo de Galicia, 1.350.000 para Ourense Termal e un millón para a Mariña Lucense. A posta en marcha dos plans terá un investimento total de 5,4 millóns de euros, sumando ás achegas da Xunta as correspondentes ao Goberno central e as das entidades encargadas do seu desenvolvemento; neste caso, a Deputación de Ourense e Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, cunha vixencia de catro anos desde a súa sinatura.

Ourense conta cun importante número de concellos ricos en recursos termais e o turismo termal en Galicia é un dos sectores con máis potencialidade para a recuperación do sector. A Comunidade Autónoma galega é líder no conxunto do Estado en canto á oferta mineromedicinal, con máis dun 20 % dos establecementos balnearios de España, e tamén a que conta con máis distintivos de calidade nos establecementos termais.

O proxecto Ourense Termal, desenvolvido pola Deputación Provincial de Ourense, é ademais unha oportunidade para xerar emprego na provincia, fixar poboación e frear a emigración. O Plan de sustentabilidade Ourense Termal conta cun orzamento de 3,1 millóns de euros, dos cales a Xunta proporciona 1.350.000.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo de Ourense Termal é xerar competitividade nos municipios termais rurais da provincia, impulsar investimentos e mellorar as infraestruturas, dotacións e captacións termais, así como actuacións encamiñadas ao fomento da innovación, implantación da intelixencia turística e desenvolvemento do produto adaptado ás novas necesidades do usuario do turismo termal.

Polo que respecta ao Plan de sustentabilidade da Mariña Lucense, o proxecto aposta por un modelo turístico máis competitivo, innovador e participativo, co obxectivo de recuperar a confianza do viaxeiro e fomentar a comarca como destino seguro tras o impacto da crise sanitaria. O proxecto xustifícase na necesidade de poñer en valor os recursos das áreas rurais con potencial turístico e de atraer os visitantes a un espazo singular con atractivos diferenciados.

Está promovido pola Mancomunidade de Concellos da Mariña lucense e conta cun orzamento de 2,3 millóns de euros, dos cales a Xunta fornece un millón. O plan pon o acento na adaptación dos produtos turísticos á nova realidade, establecendo unha estratexia para a transformación e implantación dun modelo turístico máis competitivo, innovador e participativo baseado no fomento da dixitalización, que reforce a confianza do viaxeiro e fomente a comarca como destino seguro, con actuacións baixo criterios de sustentabilidade, redistribución de fluxos turísticos e de implantación da poboación local no desenvolvemento turístico.

En total, as dúas iniciativas suman unha inxección no turismo galego de 5,4 millóns de euros, 2.350.000 procedentes da Administración autonómica.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA A PRIMEIRA LEI DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA CON MEDIDAS PARA AXILIZAR E FLEXIBILIZAR A PLANIFICACIÓN E CREACIÓN DE SOLO PARA AS EMPRESAS**

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aposta por habilitar un instrumento que permita crear reservas estratéxicas de solo público con prazos máis breves e facilitar así asentamento empresarial na Comunidade
- A planificación e ordenación das áreas farase a través dun plan estruturante, que, como exemplo, fará reducir de 21 a 9 meses a aprobación dunha urbanización
- Galicia converterase na primeira comunidade autónoma cunha normativa específica neste eido, o que achegará seguridade xurídica aos empresarios

A Xunta inicia a tramitación da primeira Lei de áreas empresarias de Galicia co obxectivo de axilizar e flexibilizar a planificación e creación de solo para as empresas, ao tempo que se garante un equilibrio entre o uso sustentable do territorio e se fomenta a actividade económica na Comunidade.

O Consello da Xunta autorizou esta mañá iniciar o procedemento deste novo texto normativo, presentado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, co cal se dará coherencia a todos os instrumentos de planificación de solo empresarial e co que a Comunidade galega será pioneira en todo o Estado.

A Lei de áreas empresarias pretende ser a primeira regulación específica de Galicia coa que salvar un escollo fundamental: crear reservas estratéxicas de solo que permitan, en prazos máis breves, a implantación de iniciativas empresarias, algo que ademais achegará seguridade xurídica ao sector.

Entre as principais novidades, cómpre salientar que a lei mantén o Plan sectorial de ordenación de áreas empresarias de Galicia (PSOATEG) como o marco de planificación para fixar a localización e implantación das áreas, pero prevé a creación dun novo instrumento: o Plan estruturante de solo empresarial —en substitución do Proxecto de interese autonómico da Lei de ordenación do territorio—, para o desenvolvemento de solo empresarial de titularidade pública de interese autonómico.

Neste momento, o PSOATEG prevé 117 parques en 95 concellos, cun total de máis de 46,3 millóns de metros cadrados. A isto haberá que sumar a segunda modificación deste plan, que se está a tramitar e que inclúe a creación de polígonos, así como ampliacións ou reaxustes doutros, en 19 municipios.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A principal característica do Plan estruturante será que fixará unicamente os parámetros básicos e fundamentais para o desenvolvemento da área empresarial —é dicir, as liñas xerais de ordenación, como os trazados principais—, o que permitirá que, posteriormente e por fases, se poidan ir adaptando as súas tipoloxías de parcelas e configuración definitiva ás necesidades reais existentes en cada momento. Deste xeito, evítanse as constantes modificacións do instrumento de ordenación que supoñen longas tramitacións, respondendo coa rapidez e dinamismo que esixe o mundo empresarial nos tempos actuais.

Polo tanto, se ata o de agora era precisa unha modificación do proxecto de interese autonómico cada vez que, por exemplo, se levaba a cabo unha actuación de urbanización nun ámbito, o cal supoñía 12 meses de trámite, co Plan estruturante isto non será preciso, xa que se reducirá o prazo de aprobación do proxecto de 21 meses a 9 —os da tramitación—.

### **Cinco instrumentos de desenvolvemento e execución**

Outra das novidades é que se definen cinco instrumentos para a execución e desenvolvemento áxil, ordenado e eficaz do solo. Tendo en conta as fases de actuación, o primeiro é o Proxecto de delimitación de fases de urbanización, que delimitará as fases de materialización dunha área, para axustala á demanda real de solo existente.

O segundo será o Proxecto de desenvolvemento e urbanización, que incluírá os aspectos necesarios para formalizar con precisión as determinacións do Plan estruturante, en función da súa aplicación á clase de solo e ao destino final previsto.

Tamén se prevé un Proxecto de urbanización, onde se recollerán os proxectos de obra dos servizos e dotacións establecidos no Plan estruturante, e un Proxecto de parcelamento, que determinará a división, nunha ou varias fases, dunha área ou ámbito. Por último, recóllense os estudos de detalle, que terán por obxectivo completar e reaxustar aliñacións e rasantes, así como ordenar volumes.

Estes instrumentos de execución poderanse incorporar como anexos aos propios plans estruturantes para a súa tramitación e aprobación conxunta, sen prexuízo de que manteñan o seu carácter independente e, polo tanto, que poidan ser modificados sen que iso esixa a modificación do plan que os desenvolve.

### **Entidades de conservación**

Outra das principais novidades desta nova lei é a creación de entidades para a conservación, xestión e modernización de áreas empresariais urbanas. Serán entidades constituídas polos propietarios das parcelas que, con autorización e achegas económicas do concello, velarán pola conservación das infraestruturas, dotacións e servizos do

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ámbito, así como das tarefas de modernización do parque empresarial xa en funcionamento, co fin de que manteñan o seu carácter estratéxico.

Cómpre lembrar que este será un instrumento específico, dado que, con carácter xeral, o mantemento e a conservación das áreas empresariais que deban ser entregadas aos concellos corresponden a estes desde a recepción expresa ou tácita das obras de urbanización. Así mesmo, no caso dos municipios que carecen de recursos suficientes, existen as entidades compostas por propietarios que afrontan os gastos durante un período máximo de 5 anos.

En definitiva, a Lei de áreas empresariais, un texto consensuado co sector – principalmente coa Federación Galega de Parques Empresariais– nace tendo en conta que a xeración de solo empresarial, urbanizado correctamente e a un custo alcanzable, permite a implantación de actividades do sector secundario e terciario e, polo tanto, constitúe un elemento esencial para impulsar a actividade empresarial e garantir o progreso socioeconómico de Galicia.

### Exemplos da aplicación da Lei de áreas empresariais



#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### EXEMPLO PLAN ESTRUTURANTE DE ORDENACIÓN

Parque empresarial de  
Paderne de Allariz

*Varias posibilidades nun mesmo ámbito, segundo necesidades de demanda*



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE FERROL PARA INVESTIR 900.000 EUROS NAS OBRAS DA MARXE ESQUERDA DO RÍO SARDIÑA, QUE COMPLETAN O SANEAMENTO DA MALATA**

- Renovarase o sistema de colectores da marxe esquerda e conectaranse coa rede de saneamento recentemente executada na enseada da Malata, co que se evitarán verteduras incotroladas ao río Sardiña e á súa contorna
- A Xunta, que xa redactou o proxecto, achegará o 70 % do investimento das obras, 630.000 euros, e encargarse da súa execución, mentres que o Concello de Ferrol contribuirá co 30 % restante
- A actuación dá continuidade á colaboración coa entidade local, tras rematarse este ano as obras para completar a rede de interceptores da marxe norte da ría que trata as augas residuais de Ferrol e de Narón, tras un investimento da Xunta de 7,3 M€
- O Goberno galego mantén o seu apoio ao Concello de Ferrol nas súas competencias municipais e en mellorar a calidade de vida na cidade, completando o saneamento integral da ría de Ferrol, un obxectivo ao cal a Xunta leva destinados máis de 115 M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración co Concello de Ferrol para executar as obras de renovación da rede secundaria de colectores da marxe esquerda do río Sardiña e completar así o saneamento da enseada da Malata. A actuación suporá un investimento de 900.000 euros.

Trátase de executar o colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña, que desemboca na enseada da ría de Ferrol, desde a ponte da estrada da Malata ata as proximidades do estadio da Malata. A intervención vai encamiñada a repoñer e ampliar os colectores máis precarios para evitar verteduras incontroladas ao río e á súa contorna.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 70 % coa achega de 630.000 euros. O Concello de Ferrol contribuirá ao financiamento do 30 % restante, 270.000 euros.

Ademais, o Concello de Ferrol asume a realización das xestións necesarias para posibilitar a execución das obras, así como a recepción, posta en servizo, mantemento, explotación e conservación das actuacións que se leven a cabo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta iniciativa enmárcase no Pacto de Estado por Ferrol impulsado desde o Goberno galego e as obras, para as cales a Xunta redactou o correspondente proxecto, contan cun prazo de execución de 6 meses.

A actuación conta co cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### **O obxecto da actuación**

Estes traballos supoñen un paso máis no obxectivo de completar o sistema de saneamento da enseada da Malata, mediante a conexión da rede secundaria da marxe esquerda do río Sardiña ao colector xeral.

A intervención ten por finalidade solucionar os problemas existentes na bacía do río Sardiña, que na actualidade dispón dun sistema de colectores que presenta unha capacidade hidráulica insuficiente, o que orixina que en tempo de choiva se xeren verteduras de augas residuais ao leito do río, tanto a través dos colectores xerais como da rede secundaria

A obra obxecto do convenio autorizado hoxe polo Executivo autonómico para resolver a recollida das augas residuais na bacía do río Sardiña divídese en dúas actuacións claramente diferenciadas: a execución do colector xeral do río Sardiña e a construción do ramal secundario.

O colector xeral do río Sardiña será un colector unitario de funcionamento por gravidade, proxectado en tubaxe de fibra de vidro de 1200 mm de diámetro, nunha lonxitude de 574 metros, con 13 pozos prefabricados estancos tamén en fibra de vidro. Descargará no pozo do interceptor da marxe norte da ría de Ferrol.

O ramal secundario será un colector secundario unitario de funcionamento por gravidade, formado por tubaxe de PVC corrugado de 315 mm de diámetro, nunha lonxitude de 120 metros, con 7 pozos estancos prefabricados en PVC. O último pozo terá un alivio ao río Sardiña para evacuar excesos de caudal en tempo de choiva.

Coa rede proxectada servirase unha poboación na época estival de 1.355 habitantes para o ano horizonte 2045.

### **Colaboración da Xunta de Galicia**

Cómpre lembrar que con este novo acordo se dá continuidade á colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ferrol para a execución de distintas actuacións de saneamento na Malata.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o pasado 28 de maio Augas de Galicia, a entidade hidráulica da Xunta, entregáballe ao Concello as obras de conexión co interceptor xeral desde a Gándara ata a enseada da Malata, último treito que quedaba pendente para completar a rede de interceptores da marxe norte da ría que trata as augas residuais de Ferrol e de Narón.

Estas obras, executadas pola Xunta cun investimento de 7,3 M€, centráronse na construción dos dous tanques de tormentas, un xunto ao CIS e outro de maior tamaño nas inmediacións da Feira de Mostras (FIMO), ademais dunha estrutura de regulación na entrada ao peirao de Fernández Ladreda.


Remodelouse, tamén, o bombeo existente na Cabana e executáronse os colectores interceptores que completan a rede de saneamento da marxe norte da ría, un sistema que recolle as augas residuais de Ferrol e de Narón e que as trata na depuradora de Cabo Prioriño.

O Goberno galego mantén o seu apoio ao Concello de Ferrol nas súas competencias municipais e en mellorar a calidade de vida na cidade, completando o saneamento integral da ría de Ferrol, un obxectivo ao cal a Xunta leva destinados máis de 115 M€.

Plano da planta do colector interceptor da marxe esquerda do río Sardiña extraída do proxecto:

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
 15704, Santiago de Compostela  
 T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN COS CONCELLOS DE VILANOVA DE AROUSA E DE CAMBADOS PARA A MELLORA DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO MUNICIPAIS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 6,25 M€**

- Trátase de resolver as deficiencias no sistema mancomunado de saneamento que comparten estes municipios e cuxas augas residuais teñen destino final na estación depuradora de Tragove
- A Xunta asume o financiamento das actuacións e a contratación e execución das obras, e os concellos deberán pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións para as obras e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- O prazo para desenvolver os traballos é de 15 meses para a actuación en Cambados e de 18 meses no caso da de Vilanova de Arousa
- En Cambados construírse unha rede separativa e deixarase sen efecto a depuradora do Facho, conectando estas augas residuais á estación de tratamento de Tragove
- En Vilanova de Arousa executarase un tanque de tormentas, a conducción de desaugadoiro do aliviadoiro de emerxencia deste e a impulsión ata a depuradora de Tragove
- A actuación en Vilanova de Arousa complementarase cunha senda para unir dous tramos existentes, baixo a cal se enterrarán as conducións, o que mellorará a servidume de paso e favorecerá o tránsito peonil e dos vehículos de vixilancia e salvamento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración cos concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados para executar as obras de mellora dos sistemas de saneamento nestes dous municipios, que suporán un investimento autonómico de máis de 6,25 millóns de euros.

Trátase de resolver as deficiencias no sistema mancomunado de saneamento que comparten estes dous municipios e cuxas augas residuais teñen destino final na estación depuradora de Tragove.

Mediante este acordo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, asume integramente o financiamento, a contratación e a execución das obras. Estas actuacións son cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os concellos de Vilanova de Arousa e de Cambados, pola súa parte, como beneficiarios desta colaboración do Goberno galego nas súas competencias de saneamento e depuración, deben aprobar o proxecto en Pleno municipal, poñer os terreos á disposición e asumir o compromiso de recepción e explotación das actuacións.

O prazo para desenvolver estas intervencións é de 15 meses para a actuación en Cambados e de 18 meses no caso de Vilanova de Arousa.

As obras proxectadas, de acordo co Plan de saneamento local redactado pola entidade hidráulica da Xunta, céntranse na resolución dos problemas que presenta a citada rede de saneamento destes concellos debido, fundamentalmente, a unha elevada incorporación de augas pluviais, que non son xestionadas axeitadamente, e ao funcionamento deficiente da estación de tratamento de augas residuais do Facho.

### **O obxecto das actuacións**

Mediante a colaboración autorizada hoxe pola Xunta impúlsanse as actuacións necesarias para a mellora dos sistemas de saneamento de ambos os dous concellos.

As actuacións proxectadas no sistema de saneamento de Cambados inclúen a construción dunha rede separativa e a eliminación da depuradora do Facho, conectando estas augas residuais á estación de tratamento de augas residuais de Tragove.

Coa rede proxectada, servirase unha poboación máxima de 16.309 habitantes para o ano horizonte 2043.

Respecto do sistema de saneamento de Vilanova de Arousa, executarase un tanque de tormentas, a conducción de desaugadoiro do aliviadoiro de emerxencia do tanque de tormentas, a impulsión desde este tanque ata a depuradora de Tragove, así como impulsións secundarias e a remodelación dos bombeos.

As obras proxectadas darán servizo a unha poboación de 11.687 habitantes para o ano horizonte 2044.

Como complemento á actuación, en Vilanova de Arousa proxéctase a execución dunha senda peonil de 4 metros de ancho, que conectará dous tramos xa existentes e baixo a cal irán enterradas as conducións. Con esta intervención preténdese revalorizar a área, mellorando a servidume de paso, favorecendo o tránsito peonil e dos vehículos de vixilancia e salvamento.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego mantén a prestación de apoio técnico e económico aos concellos para que poidan desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento, reforzando as garantías relativas á saúde pública, ao medio natural, á pesca, ao marisqueo ou ao turismo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INFORME SOBRE A EXECUCIÓN DO PLAN ANUAL 2021 DA COOPERACIÓN GALEGA, QUE XA ACADA O 99 %

- O Plan contou cunha dotación orzamentaria inicial de 7,4 M€, o que supuxo un incremento de máis de 801.400 € respecto ao ano pasado. Ademais, ao longo deste ano incorporáronse máis de 308.000 €, o que eleva a dotación final a un total de 7.757.011 €
- O Plan anual 2021 da Cooperación galega foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 11 de febreiro de 2021, tras recibir o informe favorable por unanimidade do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode)
- A Xunta impulsou unha estratexia de resposta á COVID-19 para adaptar os recursos do Plan anual de 2021 á loita contra o coronavirus e á atención aos colectivos máis vulnerables e máis afectados pola pandemia

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a execución do Plan anual 2021 da Cooperación galega para o desenvolvemento, que contou cunha dotación orzamentaria inicial de 7,4 millóns de euros, o que supuxo un incremento de máis de 801.400 euros respecto ao ano pasado. Ademais, ao longo deste ano incorporáronse máis de 308.000 €, o que eleva a dotación final a un total de 7.757.011 €, co que se acada un grao de execución do orzamento de cooperación dun 99 %.

Segundo reflicte o informe, xa se cumpriron todos os compromisos de gastos plurianuais adquiridos en 2020, que son 46 proxectos en execución que teñen anualidade neste ano, e foron publicadas 5 convocatorias de subvencións en concorrencia competitiva, como a convocatoria bianual de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e doutros axentes de cooperación, cunha dotación de 5 M euros; ademais, a convocatoria anual de subvencións para proxectos de axuda humanitaria e de emerxencia, cunha dotación de 400.000 €, a convocatoria bianual de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento (EpD) e a cidadanía global promovidos polas ONGD, cunha dotación de 500.000 €, a convocatoria bianual de subvencións para proxectos de investigación para o desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos, cunha dotación total de 150.000 € e a convocatoria bianual de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, cunha dotación de 95.000 €

Foron asinados 7 convenios de colaboración para axuda humanitaria ou de emerxencia, con Farmamundi, coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS), coas

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axencias de Nacións Unidas ACNUR e UNRWA, coa Fundación UNICEF Comité Español, con SODEPAZ (Solidariedade para o Desenvolvemento e Paz) e coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e con outras CCAA para a programación conxunta e a coordinación da acción humanitaria, por importe de 50.000 €.

Ademais, asináronse 2 convenios de colaboración para actuacións de cooperación no exterior con Augas de Galicia e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC) e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade; coa Coordinadora Galega de ONGD, co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, coas tres universidades galegas e coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e a Asemblea de Cooperación Pola Paz, para poñer en marcha a IX edición (2021-2022) do proxecto Cooperación galega.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O BONO ACTIVA COMERCIO DA XUNTA DE GALICIA LOGRA A MOBILIZACIÓN DE 25 M€ EN VENDAS NOS ESTABLECEMENTOS DE PROXIMIDADE

- O Consello avaliou esta mañá os resultados desta iniciativa que tiña como obxectivo incentivar as compras no comercio local a apoiar a súa recuperación
- En total descargáronse 237.398 bonos e adheríronse preto de 5700 establecementos galegos
- As pezas de roupa de vestir, o calzado, os xoguetes e os artigos deportivos foron os artigos que acumularon máis vendas
- O Goberno galego manterá en 2022 o seu compromiso co sector e a Dirección Xeral de Comercio e Consumo disporá de 25 M€ nos seus orzamentos para, entre outros obxectivos, seguir avanzando na súa modernización, dixitalización e sustentabilidade

O Consello da Xunta avaliou, na reunión desta mañá, os resultados do bono Activa Comercio, a campaña impulsada este ano pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación para fomentar o comercio de proximidade e apoiar a recuperación do sector. Grazas a esta iniciativa acadouse unha mobilización de 25 millóns de euros en vendas nos establecementos de proximidade galegos. O programa, que finalizou o pasado 31 de outubro, pechou cun total de 5696 establecementos adheridos e 237.398 bonos descargados.

En concreto, A Coruña foi a provincia que máis mobilizado alcanzou nas súas vendas, cun 37,85 % do total (preto de 9,5 M€), seguida de Pontevedra co 34,05 % (ao redor de 8,5 M€), Ourense co 14,80 % (3,7 M€) e Lugo co 13,30 % (3,3 M€). Con respecto aos usuarios, a provincia da Coruña foi tamén a que reuniu un maior número de clientes, preto de 97.000; seguida de Pontevedra, con máis 79.000; Ourense, que superou os 31.000, e Lugo con preto de 29.000.

En canto aos produtos, destacan as vendas realizadas en pezas de roupa (7,1 M€); calzado, artigos de pel, cintos, carteiras, bolsos e maletas (3,38 M€); xoguetes e artigos deportivos (2,68 M€); así como libros, xornais e artigos de papelería (2,5 M€). Estas catro categorías supoñen máis do 60 % das vendas realizadas cos descontos do bono Activa Comercio da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa, deseñada en colaboración coa Federación Galega de Comercio, enmarcouse no Plan de medidas específicas de apoio ao comercio galego, que contén axudas tanto para incentivar o consumo como para apoiar a modernización do sector a través da dixitalización e o comercio en liña.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a convocatoria de axudas deste ano para a modernización e dixitalización chegou a 773 comercios, que realizarán un total de 2329 actuacións, coas cales se mobilizarán 7,6 M€ para lles ofrecer aos clientes unha experiencia de compra única e adaptada aos novos hábitos de consumo. Ademais, abríronse liñas de axudas para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos; para a revitalización do comercio de proximidade; para fomentar a comercialización e competitividade da artesanía; ou apoios para impulsar plataformas de *marketplace*.

Este compromiso da Xunta co sector seguirá presente de cara ao vindeiro ano, xa que os orzamentos para 2022 reservan un total de 25 M€ á Dirección Xeral de Comercio e Consumo para seguir impulsando o sector. Destacan as partidas de 6 M€ para continuar promovendo a transformación dixital e a modernización do comercio de proximidade ou os 3M€ para incentivar modelos de negocio que aposten pola sustentabilidade, o emprego mozo e a economía circular.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DUPLICARÁ AS CAPACIDADES DO CORAZÓN DIXITAL DE GALICIA CUN NOVO *DATA CENTER* DE ALTA SEGURIDADE ADAPTADO ÁS NECESIDADES DUNHA ADMINISTRACION INTELIXENTE**

- Sincronizado co CPDI do Gaiás, permitirá o apoio dos servizos críticos e a súa dispoñibilidade nunha Administración cada vez máis dixital
- Construirase baixo os estándares da máxima certificación en niveis de seguridade
- Situado no parque empresarial da Sionlla, ocupará unha superficie de 10.000 metros, nos cales albergará tamén unha plataforma loxística para o equipamento tecnolóxico do sector público

O proceso de transformación dixital da Administración require dimensionar e reforzar as infraestruturas tecnolóxicas para garantir e seguridade duns servizos dixitais en constante crecemento. Por iso, a Xunta ampliará as capacidades do CPDI situado no Gaiás, o corazón dixital de Galicia, cun novo *Data Center*, que se construírá no parque empresarial da Sionlla.

Esta nova infraestutura permitirá duplicar as capacidades de procesamento e almacenamento de datos actuais e estará dimensionada para xestionar o incremento de novos servizos dixitais. O *Data Center* traballará en sincronía co CPD albergado no Gaiás e reforzará os mecanismos de seguridade, dispoñibilidade e custodia dos datos de todo os sector publico autonómico, incluído o Sergas.

O novo *Data Center* construírase baixo os estándares da certificación TIER IV, o certificado que garante os máximos niveis de seguridade, e unha dispoñibilidade do 99,99 %, o que se traduce en tan só 53 minutos de posible indispoñibilidade ao ano, xa que supón que todos os sistemas están redundados.

Todos os sistemas críticos estarán deseñados para poder ser illados e mantidos sen perda de servizo e contará con acometidas redundantes de electricidade e comunicacións.

O novo *Data Center* terá unha superficie de 10.000 metros cadrados e albergará tamén un plataforma loxística conectada cos centros de provisión para xestionar o equipamento tecnolóxico do sector público autonómico. O novo edificio disporá de salas para persoal técnico de administración dos sistemas e infraestruturas do CPD.

A Xunta dispón actualmente dun centro de proceso de datos integral no Gaiás cunha superficie de 1.275 metros cadrados, que alberga 2.500 servidores cunha capacidade de almacenamento de 13 *petabytes*. A súa posta en marcha en 2012 supuxo un fito

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

tecnolóxico na Comunidade que permitiu modernizar, racionalizar e homoxeneizar a prestación dos distintos servizos dixitais aos cidadáns.

O CPDI do Gaiás conta cun CPD de apoio en San Caetano para permitir o mantemento de servizos críticos en caso de incidencias. Porén, este CPD de apoio está ao límite da súa capacidade para albergar novos sistemas tecnolóxicos, carece de posibilidades de ampliación e a maioría das súas infraestruturas eléctricas e de climatización están próximas á fin da súa vida útil.

Por esta razón é preciso incrementar os mecanismos de seguridade e redundancia que aseguren a dispoñibilidade dos servizos dixitais prestados pola Administración as 24 horas do día, os sete días da semana.

### **Prazo e orzamentos**

Respecto aos prazos do proxecto, está previsto publicar os pregos para a redacción do proxecto de obra antes de que remate o ano e estímase que a entrega do proxecto de obra se faga no segundo trimestre de 2022. O seguinte paso sería a licitación da obra prevista para finais do 2022 co obxectivo de que se completase a construción do centro entre 2022 e 2024.

O proxecto conta cun orzamento de 19,2 millóns de euros, incluíndo a compra dos terreos, parte deles provenientes dos fondos europeos Next Generation.

### **Estratexia EDG2030**

O reforzo das infraestuturas dixitais é fundamental para consolidar un goberno intelixente, un dos obxectivos da Estratexia Galicia dixital 2030, que prevé diferentes actuacións para ofrecer máis servizos públicos dixitais, inclusivos, proactivos, personalizados e seguros, máis accesibles e dispoñibles e desde calquera lugar, configurando unha Xunta no móbil. Entre os obxectivos intermedios neste ámbito, a EDG está a acadar en 2025 que o 70 % das persoas e o 85 % das microempresas usen a canle dixital coas administracións.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta analizou o informe da estratexia para os vindeiros anos](#)

### **A XUNTA, A TRAVÉS DO NOVO PLAN DE LINGUAS 2030, INXECTARÁ 83 M€ NO SISTEMA EDUCATIVO EN CATRO ANOS PARA ACCIÓNS DE ALTO IMPACTO E ESPECIALIZACIÓN NA APRENDIZAXE DE IDIOMAS**

- Tráballase para que no horizonte do 2030 máis do 85% dos centros educativos galegos desenvolvan o modelo plurilingüe iniciado hai unha década, coa súa extensión ás ensinanzas de réxime especial
- Refórzanse os programas de inmersión lingüística con estadias de proximidade en fins de semana e períodos non lectivos para un total de 40.000 alumnos en catro anos
- O cen por cento do alumnado dos centros plurilingües terá a posibilidade de acreditar as súas competencias lingüísticas
- Porase en marcha o programa Linguas en acción, un plan específico de formación docente
- Incorporaranse ferramentas dixitais con recursos en aberto para o conxunto da cidadanía que permita unha aprendizaxe de idiomas ao longo da vida
- Dentro da rede plurilingüe impulsaranse centros especializados que reforzarán a oferta e os servizos de ensinanzas de idiomas

A Xunta, a través da nova Estratexia galega de linguas estranxeiras, Edulingüe 2030, vai inxectar un total de 83 M€ (12,24 % máis que o Edulingüe 2020) no sistema educativo galego nunha primeira fase de catro anos ata 2025 para o impulso de accións de alto impacto e de especialización na aprendizaxe de idiomas nos próximos anos co obxectivo de que dar un salto de calidade enfocado aos retos de futuro.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre este novo Plan de linguas impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que supón a continuidade e a consolidación dos programas de éxito levados a cabo na última década, que, ademais, inclúen novos retos de calidade vinculados á inclusión e á innovación educativa e á internacionalización artellados en dez liñas de acción específicas.

Así pois, o Edulingüe 2030 inclúe un programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe co obxectivo de que no ano 2030 máis do 85 % dos centros educativos teñan desenvolvido o modelo plurilingüe galego.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras dar cumprimento aos retos fixados no Edulingüe 2020 de estender o plurilingüismo ás etapas de infantil, bacharelato e formación profesional, agora a nova estratexia márcase como obxectivo ampliar o modelo ás ensinanzas de réxime especial (ensinanzas de danza, conservación e restauración de bens culturais, deportivas, profesionais de artes plásticas e deseño, superiores de arte dramática, superiores de deseño e música).

Así mesmo, o plan contempla, dentro da rede de centros plurilingües, impulsarse a creación de centros especializados de alta competencia lingüística que reforzarán a oferta e os servizos das ensinanzas en idiomas, como unha evolución do modelo de ensino de linguas estranxeiras en Galicia.

### **Reforzo de programas de inmersión lingüística**

Unha das liñas máis salientables é o reforzo dos programas de inmersión lingüística activa, coa maior oferta de estadías feita ata o de agora, que lle permitirá ao alumnado unha formación integral -académica, cultural e social- de enriquecemento persoal e de oportunidades de futuro.

Así pois, a Consellería, en colaboración con outros departamentos autonómicos e municipais, vai promover estadías de proximidade por distintos puntos de Galicia fóra do horario lectivo (fins de semana e períodos non lectivos) para a aprendizaxe de idiomas nun contexto non formal, con actividades de carácter lúdico e social onde primen as competencias de comunicación. O obxectivo é acadar os 40.000 alumnos beneficiados en catro anos.

O plan inclúe, por primeira vez, unha liña específica de programas de boas prácticas baixo a filosofía de compartir para mellorar. Isto é, que os centros punteiros do sistema en materia de aprendizaxe lingüística poidan compartir as súas prácticas docentes de xeito que beneficie o conxunto do sistema.

Outra das apostas para a próxima década é o reforzo da certificación de competencias lingüísticas dirixido ao alumnado e ao profesorado. Isto é, que teñan a oportunidade de acreditar os coñecementos adquiridos. Neste senso, a estratexia recolle un programa intensivo de certificación e acreditación de competencias no Marco Europeo Común de Referencia para as linguas, do cal se poderá beneficiar o cen por cento do alumnado dos centros plurilingües, así como o profesorado que imparte as materias.

No que atinxe ao profesorado, Edulingüe 2030 introduce Linguas en acción, un novo plan específico para a formación docente en linguas estranxeiras baixo o obxectivo dunha

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

maior especialización e internacionalización do sistema. Así mesmo, neste eido intensificaranse os programas de mobilidade e intercambios con outros sistemas, que fomentarán a innovación metodolóxica.

### **Incorporación de ferramentas tecnolóxicas innovadoras**

O Plan de linguas inclúe tamén accións específicas de dixitalización do ensino plurilingüe, na procura dunha cidadanía dixital plena. Neste eido, o Plan de linguas prevé a introdución de estratexias de ensino innovadoras coa integración das tecnoloxías de xeito que se promova a aprendizaxe ao longo da vida. Isto é, que o alumnado e o profesorado -pero tamén o conxunto da cidadanía- teñan á súa disposición plataformas específicas de aprendizaxe con recursos en aberto, que lles permitan afianzar e mellorar os seus coñecementos lingüísticos máis aló das actividades de carácter estritamente académico.

### **Crecemento exponencial do modelo**

Ao abeiro da Estratexia galega de linguas estranxeiras, no curso 2010/11 o Goberno galego comezou a implantar o actual modelo plurilingüe -que implica a impartición de ata un terzo do horario lectivo en lingua estranxeira- para as etapas de educación obrigatoria, isto é, de primaria e da ESO (o denominado Plurilingüismo clásico). Xa a partir do curso 2017/18, a Consellería de Educación ampliouno ás etapas de infantil (Plurininfantil), bacharelato (Pluribach) e formación profesional (PluriFP).

Hoxe en día o sistema educativo galego conta cun total de 465 centros educativos plurilingües e máis de 4.800 seccións bilingües (fronte ás unicamente 720 seccións e ningún centro plurilingüe que había no ano 2009). Ademais, un total de 58 ciclos de formación profesional do sistema público galego imparten este curso parte do seu currículo nunha lingua estranxeira co obxectivo de mellorar as competencias lingüísticas do alumnado de FP e, deste xeito, mellorar a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 1,6 MILLÓNS DE EUROS PARA COMBATER A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS

Este investimento xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación de emerxencia de tres expedientes cun orzamento total de 1.615.539 euros, destinados á adquisición de material para combater a COVID-19 nas áreas sanitarias de Santiago e Barbanza, Ferrol e Vigo.

En concreto, para a área sanitaria de Santiago e Barbanza, o expediente acada un importe de 575.589 euros, destinados á compra dunha ampla gama de material sanitario para abordar con garantías as consecuencias da onda. Entre este material están cánulas, catéteres, medicamentos, equipamentos de traqueotomía, filtros, gasas, gorros cirúrxicos, luvas, máscaras, sondas, etc.

Para a área sanitaria de Ferrol, o expediente acada un importe de 640.338 euros, que se destinarán á adquisición de material sanitario, material de laboratorio, limpeza e aseo, transporte de medicación, etc.

Para a área sanitaria de Vigo, o expediente acada un importe de 399.612 euros, que se destinarán aos servizos de limpeza, vixilancia e transporte.

A adquisición de todo este material e da contratación dos servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles repuntas.

O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA DISTRIBUÍU MÁIS DE 42,2 MILLÓNS DE UNIDADES DE MATERIAL DE PROTECCIÓN E DE DETECCIÓN DA COVID-19 AOS CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS CUN VALOR DE 10,7 M€**

- Máis da metade do total foi destinado ás residencias de maiores, os centros que máis sufriron a pegada da pandemia
- Distribuíronse preto de 350.000 test de antíxenos, 21 millóns de máscaras cirúrxicas e 18 millóns de luvas, entre outros

O Consello da Xunta fixo hoxe balance do material distribuído polo Goberno galego aos centros de servizos sociais durante a pandemia da covid-19. Desde abril de 2020 repartíronse máis de 42,2 millóns de unidades de material de protección e de detección da covid-19, cun investimento de máis de 10,7 millóns de euros.

Máis da metade do total foi destinado ás residencias de maiores, os centros que sufriron a pegada da pandemia e nos que a Administración autonómica centrou os seus esforzos para minimizar os contaxios. Ademais das residencias, tamén se enviou material de protección aos centros de persoas con discapacidade, centros de menores, escolas infantís, albergues e residencias xuvenís, centros sociocomunitarios, centros de día, entre outros.

A Xunta de Galicia achegou diferente material aos centros, desde máscaras cirúrxicas, batas, calzas, xel hidroalcolico, mandís, pantallas faciais, luvas, probas de detección e contedores, entre outros. Destacan as cifras de distribución dos preto de 350.000 tests de antíxenos, das 18 millóns de luvas ou de máis de 21 millóns de máscaras cirúrxicas.

O informe tamén revela que nos meses nos que se produciron as ondas de contaxios houbo un aumento no reparto de material. Así mesmo, explica que os centros de servizos sociais da Coruña foron os que máis unidades recibiron, seguidos dos de Pontevedra, Ourense e Lugo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A VENDIMA MÁIS ABONDOSA DO ÚLTIMO DECENIO CONFIRMA A BOA SITUACIÓN DO SECTOR VITIVINÍCOLA GALEGO

- O Consello do Goberno analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados da vendima 2021 e a situación actual do sector vitivinícola
- Recolléronse máis de 73,6 millóns de quilos de uva, dos cales o 85 % foi de variedades brancas e o 15 % restante de castes tintas
- A recollida de uva en todas as denominacións de orixe supuxo un aumento respecto da vendima do ano anterior e un grande incremento respecto da media dos últimos dez anos
- A Consellería do Medio Rural destinou máis de 25 millóns de euros nos últimos tres anos dirixidos a produtores, industrias e consellos reguladores

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados da vendima 2021 nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia e a situación actual do sector. Así, a colleita deste ano é a mais abondosa do último decenio, con 73.620.544 quilos de uva de boa calidade en xeral, e a segunda máis abondosa da historia, despois da de 2011. Ademais, o feito de que se recollese e vendese tal cantidade de uva e apenas se solicitasen as axudas do Préstamo vendima confirma que o sector do viño galego se atopa nunha boa situación e superou a crise da COVID-19.

Así, do total de uva recollida, máis de 62,5 millóns corresponderon a variedades brancas e os 11 millóns restantes a castes tintas. Por denominacións, a de Rías Baixas ocupou de novo o primeiro lugar en volume de produción, que representou o 60 % da uva total vendimada con 43,8 millóns de quilos de uva recollidos, o que supuxo un incremento dun 27 % con respecto a 2020. Seguiulle a do Ribeiro, con 9,9 millóns de quilos (incremento do 5 % con respecto a 2020) e a continuación a de Valdeorras, con algo máis de 7,1 millóns (incremento do 28 %), Ribeira Sacra con 6,5 millóns (suba do 25%) e Monterrei, con 6,2 millóns de quilos de uva recollidos (aumento do 9 % respecto do ano 2020).

Neste senso, hai que resaltar que a recollida de uva en todas as denominacións de orixe supuxo un aumento en relación coa vendima do ano anterior e un grande incremento respecto da media dos últimos dez anos. Así, cabe sinalar que esta vendima en Rías Baixas supuxo a marca histórica para esta denominación, a cal obtivo un incremento do 33 % respecto da media do último decenio (2012-2021), unha suba que se fixo patente no resto de denominacións e que supuxo para o Ribeiro un incremento dun 88 %, para Valdeorras un 28 %, para Ribeira Sacra un 13 % e para Monterrei un incremento do 45 % sobre a media do decenio.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Doutra banda, cabe destacar tamén que as variedades recomendadas, potencialmente produtoras de viños de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da vendima. En particular, hai que salientar as variedades Albariño, que supón o 69 % do total das uvas brancas, e a Mencía, que representa o 79 % das uvas tintas.

Cabe sinalar tamén o traballo realizado por asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe de Galicia. Neste senso, cómpre destacar os labores de control levados a cabo polos distintos consellos reguladores -que mobilizaron 70 efectivos entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente para tal finalidade- e a Xunta, que reforzou este seguimento co despregamento de 15 técnicos máis a través do seu propio plan de control nas vendimas, co fin de evitar posibles situacións fraudulentas.

### **Apoio institucional**

Así mesmo, no informe hoxe analizado tamén se recollen os beneficiarios das axudas do Préstamo vendima, unha liña de financiamento impulsada pola Xunta para axudar aos autónomos, microempresas e pemes máis afectados pola COVID-19, a cal mobilizou uns 60 millóns de euros entre a convocatoria de 2020 e a de 2021. Unha vez resoltas as axudas desta última convocatoria, na cal houbo tan só 25 solicitudes para 3,1 millóns de euros, constatouse que o bo ano de venda de viño determinou unha menor necesidade de solicitar as ditas achegas. Así, pódese concluír con estes datos que a crise da COVID-19 foi superada polo sector vitivinícola galego.

Ademais, cabe sinalar que a actual situación do sector vitivinícola tamén é froito do apoio institucional que todos os anos lles brinda a Consellería do Medio Rural. Así, entre os anos 2018 e 2021 destináronse máis de oito millóns de euros nos programas de reconversión e reestruturación da viña, co fin de recuperar as castes tradicionais galegas e apostar pola diferenciación dos nosos viños.

Na modernización do sector industrial, a Consellería destinou preto de 7,7 millóns de euros nos últimos tres anos para poder mobilizar un investimento privado de case 21 millóns de euros. A gran mellora produtiva no ámbito empresarial que se produciu no sector nos últimos anos fixo posible tamén unha espectacular evolución na comercialización, de xeito que moitos dos viños galegos –aínda con diferenzas entre as diferentes denominacións de orixe– se atopan con relativa facilidade nos establecementos da distribución e na canle Horeca, non só en Galicia, senón tamén nas principais capitais españolas. De feito, os progresos na internacionalización tamén foron moi grandes, de maneira que na última campaña vitivinícola a porcentaxe das vendas que se realizaron fóra de España foi superior ao 21 %.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Precisamente para reforzar esa promoción e internacionalización cómpre destacar a liña de axudas para promoción en terceiros países, que permiten financiar accións que faciliten a comercialización dos viños con denominación de orixe en países de fóra da Unión. Así, nos últimos tres anos (2019-2021), a Consellería destinou preto de 3,4 millóns de euros para impulsar este tipo de accións promocionais. Por último, tamén é importante o apoio que brinda a Consellería aos distintos consellos reguladores para a realización das súas funcións, tanto de promoción e defensa da denominación como de control e de garantía da calidade dos viños. Así, nos últimos tres anos estas corporacións recibiron das arcas públicas máis de seis millóns de euros.

### **Estratexia de dinamización**

Para consolidar o éxito deste sector e o prestixio dos viños galegos, a Xunta -a través da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e da Consellería do Medio Rural- puxo en marcha unha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia co fin de conseguir un sector consolidado e competitivo nos mercados nacional e internacional, cun enoturismo de referencia e con capacidade para xerar valor nas comarcas vitivinícolas de xeito sustentable. Persegue, ademais, aumentar o valor engadido dos viños galegos, mellorando a rendibilidade e a sustentabilidade da produción vitícola.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# OS GRUPOS DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO GALEGOS IMPULSAN 144 NOVOS PROXECTOS QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 15 MILLÓNS DE EUROS DE INVESTIMENTO

- O Executivo galego destina máis de 7,5 millóns de euros ás iniciativas aprobadas na convocatoria deste ano de axudas aos GALP, aos cales se suman máis de 7,3 millóns de investimento privado, para impulsar a dinamización das zonas costeiras
- As accións seleccionadas, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, desenvolveranse entre este ano e o que vén e permitirán a creación de arredor de 65 empregos a tempo completo
- Desde o ano 2016 desenvolvéronse en Galicia case 500 proxectos ao abeiro dos GALP, cun investimento total de preto de 70 millóns de euros
- Entre as iniciativas subvencionadas na convocatoria deste ano está unha do GALP 3 Costa da Morte, que promove a integración sociolaboral das persoas con diversidade funcional a través da valorización dos residuos plásticos procedentes de refugallo mariños e do sector marítimo-pesqueiro

A Consellería do Mar aprobou este ano 144 novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), que mobilizarán preto de 15 millóns de euros. Son as iniciativas aprobadas na resolución da convocatoria de 2021 de axudas a estes grupos, na cal o Executivo galego achega algo máis de 7,5 millóns de euros -aos cales se suman máis de 7,3 millóns de investimento privado- para o desenvolvemento desas actuacións de dinamización das zonas costeiras.

Estas accións, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), desenvolveranse entre este ano e o que vén e prevén a creación de arredor de 65 empregos a tempo completo. Son datos que recolle un informe que analizou hoxe o Consello da Xunta sobre a resolución da convocatoria de achegas deste ano e os principais proxectos aprobados.

Máis da metade das iniciativas aprobadas, un total de 80, son produtivas, é dicir, de orientación empresarial ou profesional, cun importe de subvención de algo máis de 4,8 millóns de euros. Os 64 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica, cun valor total de axuda de máis de 2,8 millóns de euros.

Entre as iniciativas subvencionadas atópanse as que teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de emprego nas zonas pesqueiras. Tamén hai accións para aumentar o valor dos produtos pesqueiros, atraer mocidade ao sector e a promoción e innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura. No caso dos proxectos non produtivos, entre os obxectivos fundamentais está o fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas.

Estes proxectos engádense aos preto de 500 desenvolvidos desde o ano 2016 e que recibiron preto de 30 millóns de euros de apoio público. Estas achegas catalizaron case 40 millóns de euros, co que as iniciativas impulsadas polos oito GALP galegos mobilizaron un investimento total de arredor de 70 millóns de euros.

### **Distribución por grupos**

En canto á distribución por grupos, o informe mostra que 16 dos proxectos aprobados corresponden ao GALP 1 Mariña-Ortegal, cun importe total de subvención de máis de 540.000 euros. O GALP 2 Golfo Ártabro Norte conta con 35 iniciativas, cunha axuda global por valor de preto de 1,2 millóns de euros. Mentres, o GALP 3 Costa da Morte ten 13 proxectos, cun apoio superior aos 1,5 millóns de euros, e o GALP 4 Seo de Fisterra Ría de Muros e Noia: Costa Sustentable dispón de sete iniciativas cunha achega global de máis de 960.000 euros.

O GALP 5 Ría de Arousa, pola súa banda, ten 15 solicitudes aprobadas cunha axuda total de máis dun millón de euros e o GALP 6 Ría de Pontevedra conta con 27 proxectos aprobados, cun apoio de case 850.000 euros. Mentres, o GALP 7 Ría de Vigo-A Guarda ten 16 proxectos, cunha achega de 648.000 euros, e o GALP 8 Golfo Ártabro Sur ten aprobadas 15 iniciativas cun apoio público de máis de 760.000 euros.

### **Exemplos de proxectos aprobados**

Entre os proxectos que contan con achega ao abeiro desta convocatoria está Diversiplas + Diverso - Plástico, do GALP 3 Costa da Morte, mediante o que a Asociación Íntegro promove a integración sociolaboral das persoas con diversidade funcional a través dunha iniciativa de valorización dos residuos plásticos procedentes de refugallos mariños e do sector.

Outro dos proxectos aprobados, Retornos do pasado, pretende estudar e difundir a cultura marítima de Ribadeo. No marco desta iniciativa impulsada polo GALP 1 Mariña-Ortegal, realizarase a documentación e a caracterización de restos existentes na zona e avanzarase en traballos técnicos de estudo da historia deste porto lucense.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O GALP 2 Golfo Ártabro Norte promove actuacións como Vacaloura & Amar o mar, para difundir no Mercado Municipal de Pontedeume o valor e a calidade dos produtos do mar ecolóxicos, respectuosos co ambiente e de proximidade. A el engádesse o proxecto Centro de formación do mar For-Mar, que ten como obxectivo impartir formación especializada en actividades relacionadas co mar e difundir as boas prácticas no sector.

Entre as iniciativas aprobadas nesta convocatoria tamén se inclúen algunhas relacionadas co sector hostaleiro, como o Morada Atlántica, do GALP 3 Costa da Morte, para a rehabilitación de dúas vivendas centenarias e a creación dun establecemento que combinará aloxamento, taller de transformación de peixes e mariscos, experiencias de turismo mariñeiro e exposición permanente para a interpretación e observación da cultura mariñeira.

### **Os GALP**

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e á valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA